



DISCURSO DO REITOR – Antonio López Díaz

APERTURA DO CURSO 2022-2023

Pazo de Fonseca – 09.09.2022 – 12.00 h

Presidente da Xunta, Reitor da UDC, Reitor da Uvigo; Presidenta do Consello Social da USC, Pte Consello Social UVIGO

Reitor da Universidade Intercontinental de la Empresa.

Presidente do Parlamento, Alcalde de Compostela, Alcaldesa de Lugo, Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades Secretaria Xeral, Prof. Bermejo Barrera,

Membros dos equipo de goberno das universidades. Pro-Reitora da UTAD Valedores da Comunidade Universitaria, de Santiago e A Coruña,

Ex reitores Pajares, Villanueva, Barro, Casares, Viaño, da USC Barja e Armesto, Docampo Amoedo da UVIGO

Decanas e Decanos, Directoras e Directores de Departamentos

Xefe da Forza Loxística Operativa.

Membros da Mesa do Parlamento,

Voceiros dos grupos socialista e do BNG,

Presidenta do Consello da Cultura, Consello Consultivo, Valedora do pobo,

Presidente da Deputación de Lugo,

Arcebispo de Santiago



Secretario Xeral de Universidades

Xerenta do SERGAS

Directores Xerais e Delegados Territoriais en Coruña e Lugo.

Subdelegada do Goberno.

Membros das forzas e corpos de seguridade

Profesorado, persoal de administración e servizos, estudantes, donas e señores.

Hai tres anos, o 6 de setembro de 2019, inaugurabamos, tamén desde Compostela, o curso universitario en Galicia. Naquela cerimonia repasabamos algúns dos retos que o sistema universitario público tiña por diante para ese curso. Nin se nos ocorría pensar que un virus puidera desencadear unha pandemia global que nos obrigara a tapar a boca, distanciarnos dos nosos conxéneres e mesmo a confinarnos nas nosas casas baixo unha declaración de estado de alarma, afectando a toda a nosa actividade, tamén a docente e investigadora, e obrigándonos a unha implantación acelerada de solucións non presenciais, tanto para a docencia como para a avaliación.

Foi necesario que pasaran dous anos e medio para recuperar a normalidade e poder programar un novo curso sen esa previsión de escenarios diferentes adaptados á evolución da pandemia, de xeito que hoxe



inauguramos este curso 2022-2023, sabendo que o virus segue aínda entre nosoutros pero coa tranquilidade de que a ciencia, a través das vacinas e de novos recursos terapéuticos nos permiten recuperar a normalidade dende o punto de vista das restricións sanitarias, volvendo ao que era a vida universitaria antes do 14 de marzo de 2020.

Superamos así a excepcionalidade da pandemia, pero dende o 24 de febreiro deste ano vivimos nun escenario de conflitos xeopolíticos, cunha guerra no leste da vella Europa. A invasión de Ucraína desatou de novo os xinetes do apocalipse, e os catro cabalos, branco, vermello, negro e baio, volven a campar xerando dominación, guerra, fame e morte, con repercusións a escala mundial para a vida das persoas, e para o funcionamento das institucións, encadeando así 12 anos de crises de diferente natureza, e debuxando un escenario futuro pragado de incertezas.

Afrontamos estes novos desafíos dende unha institución, a universitaria, cinco veces centenaria en Galicia.

Cúmprense 500 anos dende que en 1522 Alonso III de Fonseca e Ulloa creara o Colexio de Santiago o Maior, inicialmente no edificio do vello hospital asentado no solar que actualmente ocupa San Martiño Pinarío. Pero nese mesmo ano consta o inicio das obras para a construción deste



pazo no que nos atopamos, que serviu ininterrompidamente de sede da Universidade e que hoxe, 5 séculos despois, loce todo o seu esplendor logo das tarefas de limpeza e restauración que puidemos levar a cabo grazas ao xeneroso soporte financeiro da Vicepresidencia da Xunta da que vostede, Sr. Presidente, era titular antes de asumir as súas actuais responsabilidades. Grazas, Sr. Presidente. Tanto a Universidade como a memoria de Fonseca merecían.

Esta longa historia suscítanos seguridade e esperanza, particularmente en tempos de dificultades, porque algo hai de milagroso en que estas modestas institucións universitarias, nadas no medievo, se perpetuasen, e seguramente ten que ver co feito de que ensinar e aprender, como a vida que se renova xeración tras xeración, non consenten fin no tempo.

Celebramos tamén este ano o centenario da creación, o 20 de xuño de 1922, das Facultades de Ciencias e de Filosofía e Letras, que, de xeito definitivo dende entón, e logo dos agromos e desaparicións do século XIX, consolidaron o ensino destes saberes na nosa Universidade dende entón. No caso da Universidade de Santiago, a sección de Historia e a Sección de Química representan os antecedentes das actuais Facultades de Química e de Xeografía e Historia que se conectan con esa tradición.

A quenda rotatoria de participación dos nosos centros neste solemne acto de apertura do curso, asumindo a impartición da lección inaugural,



determinou en gozosa coincidencia que correspondese este privilexio precisamente a unha das que celebran o seu centenario: a Facultade de Xeografía e Historia. Por esta razón, e pola rigorosa quenda que marca o reloxo do tempo, vimos de escoitar a lección maxistral do Prof. Bermejo Barrera, sobre información, comunicación e Historia. Tal e como nos ten acostumados, acaba de transmitirnos unha moi atinada reflexión sobre o papel das humanidades, nun periplo que vai dende o mundo da oralidade, previo á creación da escritura, ata este mundo noso de comunicación dixital, partindo dunha premisa básica como é a unidade esencial do coñecemento e dos coñecementos.

Eu resaltaría precisamente o papel que se reivindica para as humanidades fronte a algúns dos mitos do noso tempo: ensinar a cada cidadán a crear os seus propios patróns de selección e comprensión da información; aportar valores morais e sociais fronte a unha pretendida racionalidade do mercado, e disipar a idea do coñecemento concluso resaltando a capacidade individual de percibir, pensar e argumentar. Non é pequeno o reto que as Universidades temos para facer realidade este papel nun mundo tan cambiante, e nun contexto difícil como o que nos toca afrontar. Se agora voltamos a mirada ao presente, este curso 2022/2023, que hoxe inauguramos solemnemente, preséntase con novidades e retos importantes, pero non exento de incertezas.



Entre as novidades cabe salientar que bota a andar a Universidad Intercontinental de la Empresa, a primeira universidade privada de Galicia. As tres universidades públicas, Santiago, A Coruña e Vigo, que arrancando dese tronco común de máis de 500 anos, conformamos o sistema universitario público galego, fixemos constar no seu momento os argumentos e posicionámonos a prol da defensa dun sistema público e das súas capacidades para dar resposta ás necesidades de formación, investigación e difusión da cultura e do coñecemento no noso país. Unha vez que o Parlamento de Galicia decidiu a creación da Universidade Intercontinental de la Empresa, non podemos menos que darlle a benvida ao Sistema Universitario Galego e ofrecer toda a colaboración institucional precisa para mellorar o servizo que prestamos atendendo ás demandas do país, tanto na formación, como na investigación e na xeración e transmisión de coñecemento e cultura.

E ademais farémolo sendo moi conscientes de que como Universidades públicas, ademais desas funcións propia das institucións de ensino superior, temos outra misión esencial, como é a de garantir a igualdade de oportunidades de todos os cidadáns no acceso á formación superior. Temos que asegurar que calquera dos nosos cidadáns poida acadar a formación e os resultados acordes coas súas capacidades, con independencia de cal sexa a súa condición social, económica, familiar etc. E para iso, entre todas as



entidades públicas implicadas, e cada unha dentro do ámbito das súas responsabilidades, hai que prever o sistema de axudas e servizos que fagan posible que siga funcionando como ese ascensor social esencial para conseguir unha sociedade máis igualitaria. Neste sentido podemos dicir con orgullo, que aínda que nin en España nin en Galicia temos Universidades situadas entre as 100 primeiras do ranking de Shanghai, si temos 40 universidades (39 delas públicas (un 80 % do total de universidades públicas do Estado) entre as 1000 primeiras, o que fala dun moi bo sistema universitario público. Deste xeito, as posibilidades de que un estudante español poida formarse nunha das 1000 mellores universidades é inmensamente superior, por exemplo, ás posibilidades dun estadounidense.

É novidade tamén neste curso 2022/2023 a implantación de novos títulos. Permítanme salientar o grao interuniversitario en Intelixencia Artificial, que vai permitir que 150 estudantes se inicien nestes estudos que, xuntamente coa posta en marcha dun Master tamén universitario, pretende dar resposta á necesidade de formación neste ámbito. Tamén son novos os Graos en Relacións internacionais (interuniversitario entre A Coruña e Vigo) e o de Xestión de Empresas Hostaleiras da USC , impartido polo centro adscrito Superior de Hostalaría. Gustaríame salientar a capacidade das Universidades, de acordo coa Consellería, para, a pesar dos lexítimos



intereses propios, poder artellar solucións compartidas e colaborativas para ofrecer a mellor solución para o que demandan os nosos estudantes, e tamén o tecido produtivo e a sociedade en xeral. Esta oferta de graos complementábase tamén coa posta en marcha de 10 novos másteres, moitos deles tamén universitarios.

Esta aposta por adecuar a oferta formativa a unha evolución do coñecemento meteórica e á conseguinte variación das demandas sociais non remata aquí, senón que ten que ser unha tarefa que nos ocupe neste curso e eu diría que de xeito permanente. Esa análise constante do mapa de titulacións, tanto das titulacións que xa temos implantadas, pero que poidan perder interese, como das que non forman aínda parte do catálogo en Galicia, vainos requirir a todos os implicados altura de miras e visión estratéxica como sistema universitario.

Ao mesmo tempo, vai ser tamén o momento de traballar no deseño e implantación de novas modalidades de títulos, de acordo co previsto no novo Decreto e, no seu caso, no que poida resultar da futura aprobación da LOSUE. Refírome en particular aos títulos duais, que xa teñen demostrado a súa utilidade, tanto dende o punto de vista formativo como de empregabilidade, na formación profesional, a concreción da non presencialidade ou semipresencialidade naqueles títulos definidos como



tales, así como o recoñecemento da formación de máis curta duración coñecidos como microcredenciais.

Nun momento en que a evolución demográfica non fai pensar nun incremento de estudantado en idade tipicamente universitaria, é preciso utilizar todas as nosas capacidades para a introducción destas novas modalidades formativas, ampliando o rango da idade dos universitarios.

E, ao mesmo tempo, temos que apostar pola atracción de estudantado internacional, aspecto este moi afectado polas restricións da COVID-19.

Tamén neste ámbito temos por diante a celebración en Compostela do II Cumio académico e do coñecemento como punto de encontro entre a UE e LAC en materia de ensino universitario, auspiciado pola Secretaría General Iberoamericana e co patrocinio da Xunta de Galicia. Esta xuntanza, que non puido celebrarse en 2020 por mor da pandemia, debe ser unha magnífica ocasión para que as Universidades galegas reforcen ese papel de punto de conexión entre Europa e Iberoamérica sobre o que debe pivotar unha liña estratéxica da nosa internacionalización.

Se ata aquí falamos de novidades, este curso preséntanos tamén retos importantes. Por unha banda, teremos que proseguir coa adaptación da Universidade á reforma laboral, acordada a finais de 2021, e aos cambios introducidos pola modificación da Lei da Ciencia, que ven de entrar en vigor antonte, 7 de setembro. Podemos dicir que o cambio máis transcendental



neste ámbito ten que ver coas restricións introducidas na contratación a término, ata convertela nunha modalidade residual, e cunha incidencia moi especial no persoal investigador. Pero ao mesmo tempo estes cambios legislativos obrigan a reducir a precariedade laboral tanto no PDI, como no persoal de administración e servizos. En calquera caso debe terse en conta que na carreira universitaria, sexa docente ou investigadora, non se pode identificar temporalidade e precariedade, xa que resultan necesarias modalidades contractuais necesariamente temporais, para cubrir os períodos de formación, sexan predoutorais ou postdoutorais.

Obviamente unha reforma deste calado, na que as universidades xa levamos tempo traballando, presenta dificultades importantes polo número de persoas ás que afecta, polos procedementos que obriga a pór en marcha, e tamén polas súas consecuencias económicas. Pero por enriba de todo iso, estamos convencidos de que é unha grande oportunidade para introducir racionalidade nas relacións laborais da universidade, e moi particularmente no ámbito da investigación.

Pero eses cambios teñen que ir mais aló e obrígnanos a buscar fórmulas para que esa tendencia ao carácter indefinido das relacións laborais vaia seguida dunha estruturalización da investigación xerando fórmulas (institutos, centros ou outras formulas asociativas de investigadores) que



permitan superar os grupos como estrutura básica, e que ofrezan soporte e continuidade a esas relacións indefinidas.

E como unha cousa pide a outra, esa estruturalización da investigación vai requirir tamén cambios no seu financiamento. Se as relacións laborais asentadas na contratación por obra e servizo acaían ben cun financiamento a base de subvencións condicionadas (léase proxectos nas súas diferentes modalidades), esa vocación de relacións indefinidas só pode manterse se se conta cun financiamento basal para a investigación, que logo poida complementarse con subvencións.

Sendo como é este un reto transcendental, quizás o máis importante da investigación universitaria dende a LRU, non é o único ao que deberemos enfrontarnos. Temos tamén que aprobar o desenvolvemento na nosa normativa interna da nova lei de convivencia universitaria, que como sabemos, e non era sen tempo, veu a derrogar o anacrónico e preconstitucional Regulamento de disciplina académica de 1954. As tres universidades, tendo en conta as suxestións formuladas polo Defensores das nosas comunidades universitarias imos tratar de consensuar uns criterios comúns sobre os que se asenten as normas que cada Universidade aprobe no exercicio da súa autonomía.

E tamén neste curso afrontará o seu trámite parlamentario o proxecto de Lei Orgánica do Sistema Universitario Español. Despois de máis de 20 anos



de vixencia da actual LOU, aínda que foi obxecto de varias modificacións, parece razoable actualizar o réxime básico das Universidades para adaptalo a unha realidade que cambia cada vez máis rapidamente. Imos agardar a ver como se desenvolven os acontecementos, e aínda que cremos no indubidable valor transformador das normas, estamos convencidos que vai resultar esencial a implicación de todos os niveis de goberno nesa reforma e na aplicación das normas que da mesma se deriven.

Diciamos que, ademais de novidades e retos, víanse no horizonte, eu case diría que enriba de nós, nubes e incertezas moi directamente relacionados coa invasión de Ucraína, e a súas dramáticas consecuencias en todos os ámbitos.

Unha primeira necesidade pasou e pasa por dar solucións, tamén dende a Universidade, ao drama humano dos refuxiados que se viron obrigados a fuxir da guerra e abandonar o seu país. Tanto dende o punto de vista de apoio a investigadores como dende a oferta para estudantes e as axudas directas aos máis necesitados, as Universidades están aportando o seu gran de area nesta crise humanitaria.

Outra notable preocupación ten que ver coas consecuencias da utilización da economía, e particularmente das fontes de enerxía e dos seus mercados, como unha arma neste escenario de guerra. Todos, cidadáns, empresas e administracións públicas, estamos a padecer o impacto dunha inflación que



se achega aos dous díxitos, e un incremento dos prezos da enerxía que, de manterse esta situación, poden multiplicar por 3 os importes satisfeitos nos anos previos, aínda corrixindo o impacto da pandemia. Para capear a situación dispomos dunha ferramenta esencial como é un plan de financiamento plurianual asinado a finais de 2021 e que que chega ata 2026. Non nos cansamos de repetir que un escenario plurianual estable é esencial para garantir a autonomía financeira das Universidades e resulta de xustiza poñer en valor o feito de que o sistema universitario galego sexa pioneiro sumando máis de 25 anos continuados de planificación financeira plurianual.

Este plan, que atende ás necesidades ordinarias de financiamento, debe complementarse, como xa temos acordado, coa concreción dun plan de infraestruturas, sobre o que xa empezamos a traballar, para atender tamén de xeito plurianual, e incluso cun escenario temporal máis amplo, as necesidades de infraestruturas, sexan de nova creación ou de rehabilitación e mellora das existentes, que non poden cubrirse cos recursos ordinarios.

Ao mesmo tempo, estas circunstancias excepcionais e posteriores ao plan polas que estamos atravesando, e que se manifestan nun aumento do custos de persoal como consecuencia os efectos da estruturalización da investigación, e nun incremento absolutamente imprevisible dos gastos



correntes por efectos da guerra, require unha reunión da comisión de seguimento do plan de cara a concreción da evolución das diferentes partidas do mesmo neste escenario de excepción.

Porén, as incertezas derivadas da inflación e dos prezos da enerxía son de tal magnitude, e afectan por igual a todos, polo que non podemos afrontar o seu impacto confiando exclusivamente no plan de financiamento e nas súas regras de evolución, senón que van requirir de actuacións decididas de aforro, optimización e eficiencia enerxética nunha liña de corresponsabilidade co que están a facer administracións e cidadáns, e que nos obrigarán a revisar dende os horarios ata a organización e desenvolvemento das nosas actividades e mesmo algúns dos nosos comportamentos. Sabemos das dificultades que pode comportar, pero estamos seguros de que ese mesmo espírito que, grazas ao compromiso de todos, nos permitiu superar as dificultades da pandemia, axudaranos a sortear estas incomodidades. E farémolo convencidos como estamos de que, ademais de resolver un problema concreto e as súas consecuencias, estamos tamén incidindo no papel das Universidades como institucións que deben liderar os cambios que demanda a sostibilidade do planeta, tal como se recolle na Magna Charta dentro dos principios e valores que deben caracterizar o papel das universidades a nivel global para o século XXI: Cito literalmente:



As universidades aceptan que teñen a responsabilidade de ser solidarias e responder ás aspiracións e retos do mundo ao que serven. Os seus descubrimentos e a mobilización destes descubrimentos a través do ensino e da difusión pública, benefician á humanidade e deben contribuír á vida sostible no noso planeta.

Remato xa: No Qohelet, cap. 3, versículo 8, dise que Todo ten o seu momento e cada cousa o seu tempo baixo o sol: Tempo para a guerra e tempo para a paz. Oxalá que entre todos sexamos quen de construír canto antes ese tempo de paz que tanto necesitamos.

DIXEN.